



## Teaching Guide

Identifying Data					2017/18
Subject (*)	Business Start-up and Management		Code	620G01029	
Study programme	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Third	Optativa	6	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Economía				
Coordinador	Agullo Leal, Fernando	E-mail	fernando.agullo@udc.es		
Lecturers	Agullo Leal, Fernando	E-mail	fernando.agullo@udc.es		
Web	fagullo.info				
General description	<p>A asignatura de Creación e Dirección de Empresas intégrase no plan de estudos do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte con carácter optativo. Para xustificar a súa inclusión neste plan de estudos pódese dicir que é unha maneira de facer fronte a situación na que se atopan os mozos ao tratar de se incorporar ao mercado de traballo e as dificultades que teñen que superar quenes pertencen ao devandito colectivo e ademais son titulados universitarios.</p> <p>Coa asignatura preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o valor social do espírito emprendedor.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contesta á importante demanda social que nos últimos tempos esixe un coñecemento máis científico e técnico do ámbito da Actividade Física e o Deporte, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é o paro xuvenil e o desemprego ou subemprego dos universitarios.</li> <li>2. Responde á letra e ao espírito da normativa legal que regula a creación e funcionamento dos Institutos Nacionais de Educación Física, así como o contido esencial da Lei de Reforma Universitaria e a súa reforma cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.</li> </ol>				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A32	Dirixir e xestionar servizos, actividades, organizacións, centros, instalacións, programas e proxectos de actividade física e deportiva desde os principios de igualdade de oportunidades, supervisando e avaliando a calidade, as garantías de seguridade e saúde dos usuarios, así como a súa satisfacción e os resultados sociais e económicos.
A34	Realizar actos facultativos de elaboración de informes técnicos e peritaxes, asesorar e inspeccionar sobre actividade deportiva, instalacións e programas deportivos.
B3	Traballar nos diferentes contextos da actividade física e o deporte, de forma autónoma e con iniciativa, aplicando o pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersonal e traballo en equipo.
B5	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán.
B6	Dinamizar grupos nos diferentes ámbitos do exercicio profesional.
B19	Exercer a profesión con responsabilidade, respecto e compromiso.
B20	Coñecer, reflexionar e adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo a partir das prácticas externas en algún dos principais ámbitos de integración laboral, en relación ás competencias adquiridas no grao que se verán reflectidas no traballo fin de grao.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

## Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences / results		
<p>Adquirir as habilidades e competencias necesarias para poñer en marcha unha pequena empresa ou a incorporación ao mercado de laboral como traballador autónomo. Coñecer de forma integrada a realidade da problemática da creación dunha empresa. Coñecer e aplica-los principios de formación básica na etapa de iniciación dun proxecto empresarial. Vivencia-lo esforzo do proceso de reflexión que supón a posta en marcha dun proxecto empresarial. Desenvolver no alumno o nivel de autonomía e competencia necesario para a creación de empresas e o autoemprego. Introducir ao alumno na análise e interpretación da bibliografía en torno ao eido da creación de empresas. Estimula-lo interese do alumno na procura de fontes de información primarias e secundarias, así como o manexo da documentación necesaria para a elaboración do plan de empresa e a súa presentación. Analiza-lo proceso de aprendizaxe na adquisición de habilidades necesarias para o funcionamento exitoso dunha empresa. Saber definir obxetivos, medios, estratexias axeitadas para o tipo de empresa que se proxecta create a súa contorna. Experimentar e supera-las dificultades que supón elabora-lo plan de empresa dun proxecto empresarial e adquirir a capacidade de esforzo e reflexión necesarios. Adquirir habilidades para traballar en grupo e facer exposicións públicas dos traballos realizados. Valorar socialmente a iniciativa emprendedora e recoñecemento do importante labor social. Valorar e entede-lo traballo dos compañeiros na facilitación da aprendizaxe. Integración do alumnos no traballo grupal. Saber aplica-las diferentes técnicas de observación da realidade para detectar ideas de empresa. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise de mercados. Coñecer e aplica-las técnicas do análise DAFO. Coñecer-las diferntes estratexias posibels para unha pequena empresa. Saber defini-las variables da mercadotecnia e aplica-las ao caso dunha pequena empresa ou dunha empresa de servizos do eido laboral. Coñece-las diferencias entre unhas formas xurídicas e outras, en canto a responsabilidade, requisitos, funcionamento, toma de dicisións, etc. Coñece-la ficalidade á que vaise ver sometida a empresa no seu funcionamento, tanto a imposición directa como indirecta. Adquirir competencias e habilidades que permitan atopar axudas para levar a cabo o proxecto.</p> <p>Saber facer o plan de empresa de unah pequena ou mediana empresa.</p>	<p>A32 A34</p>	<p>B3 B4 B5 B6 B19 B20</p>	<p>C4 C5</p>

Contents	
Topic	Sub-topic
<p>Tema 1. A creación de empresas e a iniciativa emprendedora.</p>	<p>1. Introducción: o emprendemento e o valor social da creación de empresas</p> <p>2. Os elementos esenciais no proceso de creación de empresas</p> <p>2.1 A idea de empresa e manantiais para obtela. A validación da idea. O modelo de negocio ou deseño empresarial.</p> <p>2.2. O emprendedor: características do emprendedor e consecuencias da decisión de emprender</p> <p>2.3 O plan de empresa: qué é, para qué e cómo se elabora.</p> <p>2.4 Aspectos legais da creación dunha empresa</p>
<p>Tema 2. A elaboración do plan de empresa</p>	<p>1. Introducción</p> <p>2. O estudio de mercado</p> <p>2.1 Obxetivos e fases da elaboración</p> <p>2.2 O entorno e a creación de empresas</p> <p>3. O análise DAFO</p> <p>4. A mercadotecnia</p> <p>4.1 O produto/servicio</p> <p>4.2 O precio</p> <p>4.3 A distribución</p> <p>4.4 A comunicación</p> <p>5. A segmentación e a estratexia</p> <p>6.A previsión de ventas.</p>



Tema 3. A viabilidade do proxecto empresarial	<p>A viabilidade do proxecto empresarial</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción á análise económica-financiera dun proxecto empresarial</li> <li>2. A análise financeira             <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1 O balance</li> <li>2.2 Técnicas de análise</li> </ol> </li> <li>3. A análise económica             <ol style="list-style-type: none"> <li>3.1 A conta de resultados (PeG)</li> <li>3.2 Técnicas de análise</li> </ol> </li> </ol>
Anexo. Guía para a elaboración do plan de empresa	<p>Guía para a elaboración do plan de empresa</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción</li> <li>2. O estudo de mercado</li> <li>3. O plan comercial</li> <li>4. O plan de organización e de recursos humanos</li> <li>5. Os aspectos legais</li> <li>6. A análise económica-financiera</li> <li>7. Conclusións</li> <li>8. Anexos.</li> </ol>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A32 A34 B5 C4 C5	21	57.5	78.5
Simulation	A32 A34 B3 B4 B5 B6 B19 B20 C5	21	48	69
Objective test	A32 A34	2	0	2
Personalized attention		0.5	0	0.5

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, có fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema.</li> <li>- Análise dos aspectos principais que integran o tema.</li> <li>- Síntese integradora do exposto.</li> <li>- Fixación breve e sinóptica do tema.</li> </ul>
Simulation	<p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levava a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p> <p>En concreto a simulación consistirá en elaborar un plan de empresa de forma grupal e abreviada, co que se analice a viabilidade de un proxecto de empresa de servizos deportivos.</p>



Objective test	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>
----------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## Personalized attention

Methodologies	Description
Simulation Guest lecture / keynote speech	Para un mellor rendemento na aprendizaxe e realización da simulación é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial.

## Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Simulation	A32 A34 B3 B4 B5 B6 B19 B20 C5	<p>Desenvolverase unha simulación ao longo do curso que consistirá nun xogo de simulación emprendedora.</p> <p>Esta simulación constitúe un exercicio completo e integrador, tanto pola diversidade dos aspectos que aborda como do número de variables que se manexan ao plantexar unha iniciativa emprendedora en grupo. Os alumnos, integrantes de cada un dos grupos de traballo, terán tamen o reto de asumir un determinado rol dentro do grupo co que, en función das súas competencias e coñecementos sobre determinados aspectos do traballo a desenvolver, cada un optimice as súas habilidades individuais poñendoas ao servizo do grupo para acadar os obxetivos propostos.</p> <p>O xogo de simulación emprendedora consistirá na posta en marcha dun proxecto empresarial para o que se fará o deseño empresarial e se elaborará un plan de empresa co correspondente análise da viabilidade.</p> <p>O traballo farase en catro fases, as tres primeiras de forma grupal e a última, individualmente. Estas fases serán as seguintes:</p> <p>1ª. Deseño do modelo de negocio (CANVAS)</p> <p>2ª. Elaboración dun plan de empresa abreviado sen análise económica-financieira</p> <p>3ª. Estudo de viabilidade do proxecto que se analiza co plan de empresa.</p> <p>4ª. Presentación e entrega dun portafolios individual co Plan de Empresa e todo o traballo desenvolvido polo alumno no curso, tanto individual como grupal, no que se deberá incluír un resumo dos contidos necesarios para elaborar a produción de cada fase, e unha valoración personal do traballo realizado na simulación.</p> <p>As producións do xogo de simulación terán unha valoración de 40 puntos que serán otorgados polo profesor en función da participación activa nas sesións presenciais, ás que deberá aistir, como mínimo nun 80%, e a calidade do resultado acadado co traballo grupal e coa entrega individual na derradeira fase.</p>	40



Objective test	A32 A34	<p>Farase unha proba obxetiva nas datas establecidas para exame final da asignatura que englobará os contidos da materia.</p> <p>A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc.</p>	60
Others			

### Assessment comments

A proba obxetiva formularase en castelán e se poderá responder e calquera das linguas oficiais da udc. En caso de desexala en galego, deberá indicarllo ao profesor una semana antes da súa realización.

Os estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial, aos que se lles recomenda seguir un plan de titorías personalizado, terán o mesmo sistema de avaliación que os estudantes a tempo completo.

A calificación de APTO acadarase con 50 puntos. Se non se realizar a proba obxetiva ou non se entrega o portafolios individual da simulación, a calificación nesa oportunidade será NON PRESENTADO. No caso dos estudantes a tempo parcial que, con dispensa académica, non asistan as sesións presenciais poderán entregar o portafolios coas producións das diferntes fases da simulación non máis tarde da data do exame da oportunidade na que se presenten. As calificación das diferentes metodoloxías de avaliación da primeira oportunidade da convocatoria se manterán para a segunda oportunidade.

### Sources of information

<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2017). Curso de Creación e Dirección de Empresas deportivas. moodle.udc: <a href="https://moodle.udc.es/course/view.php?id=44887">https://moodle.udc.es/course/view.php?id=44887</a></li> <li>- GUERRERO, MARIBEL Y OTROS (2017). Informe GEM España 2016. Editorial Universidad de Cantabria. Santander</li> <li>- ALMOGUERA, JOSÉ ANTONIO Y OTRO (2000). Manual práctico de creación de empresas. Editorial SA de Promociones y Ediciones. Madrid</li> <li>- ALONSO JULIÁN, JOSÉ Mª (1997). Creación y gestión de la propia empresa. Editorial Santillana. Madrid</li> <li>- ASENSIO DEL ARCO, EVA Y OTRO (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Paraninfo. Madrid</li> <li>- BAYÓN, Mª I. Y OTROS (1.986). Cómo crear una empresa. Editorial CEOE-CEPYME. Madrid</li> <li>- BELMONTE SÁNCHEZ, INMACULADA Y OTRO (1998). Proyecto empresarial. Editorial Editex, SA, Madrid</li> <li>- BERMEJO, MANUEL Y OTROS (1996). La creación de la empresa propia. Consejos prácticos para su puesta en marcha con éxito. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE MADRID (2000). Guía para la creación de empresas. Editorial Cámara de Comercio e Industria de Madrid. Madrid</li> <li>- EQUIPO DE ECONOMISTAS DVE (1.991). Cómo crear su propia empresa. Editorial De Vecchi, S.A. Barcelona</li> <li>- GIL ESTALLO, Mª A. Y OTRO (1993). Cómo crear y hacer funcionar una empresa. Editorial ESIC. Madrid</li> <li>- HALLORAN, JAMES W (2000). Curso McGraw-Hill de creación de empresa. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- LUDEVID, M. Y OTRO (1994). Como crear su propia empresa. Editorial Marcombo. Madrid</li> <li>- PENALONGA, ANXO (2010). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial Santillana. Madrid</li> <li>- SALINAS SÁNCHEZ. JOSÉ MANUEL Y OTROS (2009). Empresa e iniciativa emprendedora. Editorial McGraw-Hill. Madrid</li> <li>- SOUFI GÓMEZ, S (1.997). Manual práctico de creación de empresas. Editorial Cinco Días. Madrid</li> <li>- ( ). .</li> </ul>
<b>Complementary</b>	La bibliografía complementaria para preparar cada uno de los temas de esta asignatura se facilitarán con los contenidos que se pueden descargar de la web <a href="http://fagullo.info">http://fagullo.info</a>

### Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before



Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Para cursar esta asignatura (optativa) non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos. Pero é unha asignatura de moito proveito cando o alumno ten idea de poñer en marcha un proxecto empresarial como vía para de acceso ao mercado laboral. A materia de Creación de empresas permitirá ao alumno coñecer como levar a cabo a posta en marcha e comprender o proceso de elaboración do plan de empresa e experimentar o traballo de reflexión que conleva. Para un mellor rendimento na aprendizaxe é importante facer titorías grupais e individuais. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.